

Os gandeiros da comarca de Sarria percibirán este ano 1 millón de euros menos coa reforma da PAC

O secretario de Medio Rural e os coordinadores comarcais de UUAA e do PSOE, presentaron a xornada informativa *“O futuro de Lugo na Política Agraria Común 2014-2020”*, organizada pola executiva provincial, co obxectivo de dar continuidade ao programa de mesas sectoriais iniciado en xaneiro para coñecer as fortalezas e debilidades dos principais sectores produtivos, e deseñar un plan de traballo conxunto que permita impulsar a provincia

O encontro celebrárase mañá mércores, e contará coas intervencións do secretario xeral de UUAA en Galicia, do candidato ás eleccións europeas José Blanco e do líder dos socialistas galegos

Cos novos criterios de reparto, o importe medio percibido polos 2.000 beneficiarios da comarca que, no período anterior se situaba nos 5.700 euros, no vindeiro sexenio reducirase un 9%. Isto supón unha diminución na contía das axudas de máis de 500 euros anuais por gandeiro

A parte da importante merma que supón na economía dos afectados -as axudas da PAC representan o 60% da renda das granxas de carne e, o 30%, nas lácteas-, a reforma duplicará o risco de *dumping* no leite con prácticas comerciais agresivas doutros países para gañar mercado

Tendo en conta os datos, os socialistas cren que “está totalmente fóra de lugar o triunfalismo manifestado pola conselleira de Medio Rural na defensa desta política comunitaria co Ministro de Agricultura. Este recortes confirman a mala negociación feita dende o Goberno galego para a aplicación da nova PAC, pois, ante a cidadanía, esta axudas aparecen agora deslexitimadas”

SARRIA, 8 DE ABRIL.- O secretario de Medio Rural –Horacio Rouco-, o coordinador comarcal de Unións Agrarias –Miguel Tomé- e o coordinador do PSOE na comarca de Sarria e secretario de Novas Tecnoloxías da executiva provincial –Pablo Rivera-, acompañados doutros cargos do PSOE da zona como a deputada provincial –Sonsoles López-; a Alcadesa de O Incio –Laura Celerio; e o secretario xeral dos socialistas sarrianos –Luis Amadeo López-; presentaron este martes a xornada informativa *“O futuro de Lugo na Política Agraria Común 2014-2020”*, organizada polo Partido Socialista e que se celebrará mañá mércores, a partires das 22:00 horas, no Hotel Alfonso IX.

O encontro enmárcase no programa de mesas sectoriais que a nova executiva provincial iniciou en xaneiro para coñecer as fortalezas e debilidades dos principais sectores produtivos, e deseñar un plan de traballo conxunto que permita impulsar a provincia dende o punto de vista socioeconómico. Deste xeito, esta é a cuarta mesa sectorial que se pon en marcha dende a secretaría de Medio Rural. As outras tres celebráronse en Becerreá, Burela e A Pastoriza.

Para elo, e dada a súa temática, a xornada contará coa presenza do secretario provincial e deputado autonómico –Juan Carlos González Santín-, e coas intervencións do responsable de UUAA en Galicia –Roberto García- e a do candidato ás eleccións europeas –José Blanco-. A clausura correrá a cargo do líder dos socialistas galegos –José Ramón Gómez Besteiro-. “Cremos que se trata dunha oportunidade extraordinaria tanto para explicar aos afectados as repercusións deste reforma, como para que o noso candidato ao Parlamento de Bruxelas poida escoitar e recoller as demandas que teñen os gandeiros e produtores desta comarca, xa que as

preto de 2.000 explotacións censadas nesta zona, e que son perceptoras da PAC, deixarán de percibir este ano un millón de euros”.

			Nº DE VACAS			Nº outros Animais	TOTAL ANIMAIS	Vacas por explotación
	Explotacións de vacún	Explotacións con vacas	CONCELLO	Nº de Explotacións	Total vacas			
INCIO, O	199	187	636	2.033	2.669	2.118	4.787	14,3
LÁNCARA	343	331	2.672	4.216	6.888	4.704	11.592	20,8
PARADELA	315	294	3.793	3.492	7.285	5.514	12.799	24,8
PÁRAMO, O	207	188	2.959	1.440	4.399	2.805	7.204	23,4
SAMOS	232	222	1.590	2.396	3.986	2.542	6.528	18,0
SARRIA	551	509	7.647	4.426	12.073	8.001	20.074	23,7
TRIACASTELA	122	107	155	2.395	2.550	2.413	4.963	23,8
COMARCA	1.969	1.838	19.452	20.398	39.850	28.097	67.947	21,68
LUGO	16.096	14.590	146.958	116.257	263.215	182.728	445.943	18,04
COMARCA/LUGO	12,23%	12,60%	13,24%	17,55%	15,14%	15,38%	15,24%	120,18%

FONTE: Consellería do Medio Rural e do Mar. Rexistros administrativos.

Esta cifra, engadiu o secretario de Medio Rural, é a resultante do recorte orzamentario aplicado no módulo de Pago Único, e que se sitúa no 9%. O importe medio que cobraron no período anterior cada un destes beneficiarios foi de algo máis de 5.700 euros. Por tanto, con dita diminución, os ingresos reduciranse en algo máis de 500 euros anuais por gandeiro. É evidente, por tanto, que esta comarca, que concentra o 12,23% das explotacións da provincia, “se ve notablemente afectada por dita reforma”, destaca Rouco.

Unha alta porcentaxe da renda dos gandeiros depende da PAC

As axudas da PAC supoñen o 60% da renda das granxas de carne na comarca. No caso das de leite, estas representan o 30% dos ingresos. Isto implica que tal reaxuste orzamentario provoca, por unha banda, unha importante merma na economía dos afectados e, pola outra, no caso concreto das explotacións lácteas, que se duplique o risco de *dumping* con prácticas comerciais agresivas doutros países para gañar mercado.

Só, a comarca de Sarria, conta con 629 explotacións de leite e 141 millóns de cota. En termos de produción, esta cantidade supón o 13% da provincia e o 6% de toda Galicia.

CONCELLO	Nº EXPLOTACIÓNS	COTA (Kg.)	COTA MEDIA (Kg)
LANCARA	87	17.165.286	197.302
O INCIO	33	5.089.131	154.216
O PARAMO	90	21.276.492	236.405
PARADELA	110	28.867.616	262.433
SAMOS	59	11.132.996	188.695
SARRIA	243	56.656.450	233.154
TRIACASTELA	7	1.612.808	230.401
COMARCA SARRIA	629	141.800.779	225.438
PROVINCIA DE LUGO	5.136	1.090.786.576	212.381
COMARCA/LUGO	12,25%	13,00%	106,15%
GALICIA	12.587	2.359.599.371	187.463

Fonnte: Cota na campaña 2012/2013. CMR

“Tendo en conta o alto nivel produtivo que se xera diariamente nesta zona, cremos que está totalmente fóra de lugar o triunfalismo manifestado pola Conselleira de Medio Rural na defensa desta política comunitaria co Ministro de Agricultura”. Este recortes, afirma o responsable de Medio Rural da executiva do PSOE, “confirman a mala negociación feita dende o Goberno galego para a aplicación da nova PAC, pois, ante a cidadanía, esta axudas aparecen agora deslexitimadas, xa que este sistema permite, por exemplo, que grandes empresarios poidan cobrar estas subvencións, debido a que en nada inflúen os ingresos que se teña doutras actividades sempre que se demostre unha factura do 20% dos ingresos agrarios para poder cobrar o 80% dos ingresos en subvencións comunitarias”.

Por outra banda, a estratexia comunitaria só esixe cinco hectáreas por vaca para acceder ás axudas, polo que se pode dar o caso de que en Galicia e, na comarca de Sarria, onde a media das explotacións é de 15 hectáreas, un gandeiro con tres vacas poderá xustificar as subvencións mentras prexudica “ao veciño do lado”, que ten unha alta produción gandeira.

“Cremos, por tanto, que se perdeu unha oportunidade histórica para negociar uns criterios en función das necesidades reais. A nova PAC foi deseñada de xeito inmoral e non favorece a agricultura e a gandeiría como acontece noutras rexións. Ademais, non plantexa ningunha alternativa a liberalización da cota láctea, que se producirá en 2015. É dicir, con esta política teremos menos campo, menos emprego e máis despoboamento”, subliñou Pablo Rivera.

Na mesma liña, o coordinador de UUAA indicou que “esta reforma está feita para que nada cambie e que non me quiten o que teño. O triunfalismo da Conselleira está totalmente inxustificado, pois non se conseguiu o equilibrio que facía falta”.